


MEMORIA ANUAL 2021



Cámara Oficial
Mineira de Galicia

MEMORIA ANUAL 2021

EDITA:

Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG).

Co apoio da Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FOTOGRAFÍAS:

Portada. Raiando o sol, Luisa Álvarez Zaragoza.
2º premio de Enfoca.RME 2021.

Cámara Oficial Mineira de Galicia. Empresas membro da COMG (Pasek Minerales, Caolines de Vimianzo, Magnesitas de Rubián, Balneario de Lugo, Pizarras Los Tres Cuñados, Balneario de Lugo, Prebetong Áridos, David Fernández Grande, Erimsa, Fontecelta, Pasek Minerales). Imaxes seleccionadas dos concurso de fotografía da Escola de Minas e Enerxía Enfoca.RME e MULLE.Rme 2021.

FONTES:

- Estatística Mineira de España (2020) elaborada pola Secretaría de Estado de Enerxía (Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico). Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.
- Catastro Mineiro de Galicia.
- Instituto Galego de Estatística.

DESEÑO E COORDINACIÓN:

Bannister Global

DEP. LEGAL: C 502-2022

DATOS DE CONTACTO:

Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG).

Juan Flórez 33-35, entreplanta esquerda, 15004,
A Coruña

Teléfono: 981 139 663

cmg@camaraminera.org

www.camaraminera.org



Cámara Oficial
Mineira de Galicia

ÍNDICE

01 CARTA DO PRESIDENTE	6
-------------------------------	---

02 UN SECTOR ESTRATÉXICO	10
---------------------------------	----

UN SECTOR CLAVE:	12
------------------	----

OS FÍOS DO TECIDO INDUSTRIAL GALEGO	
-------------------------------------	--

AS CIFRAS DA MINARÍA	14
----------------------	----

03 A CÁMARA	16
--------------------	----

O QUE SOMOS	18
-------------	----

O QUE FACEMOS	19
---------------	----

ÓRGANOS DE GOBERNO	20
--------------------	----

04 MINARÍA SOSTIBLE DE GALICIA	22
---------------------------------------	----

PÁXINA WEB	25
------------	----

REDES SOCIAIS	26
---------------	----

XORNADA 'MINERAIS ESTRATÉXICOS PARA A INDUSTRIA GALEGA'	28
---	----

05 O EXERCICIO 2021	32
----------------------------	----

REPRESENTACIÓN DO SECTOR	34
--------------------------	----

PARTICIPACIÓN EN REUNIÓN E EVENTOS	35
------------------------------------	----

DEFENSA DO SECTOR	40
-------------------	----

PATRIMONIO	50
------------	----

SEGURIDADE E SAÚDE	51
--------------------	----

FORMACIÓN	54
-----------	----

SERVIZO DE INFORMACIÓN PARA MEMBROS	56
-------------------------------------	----

COMUNICACIÓN	58
--------------	----

PÁXINA WEB	60
------------	----



Mina de dunita en Cariño
(A Coruña).

CARTA DO PRESIDENTE

01





CARTA DO PRESIDENTE

MÁIS MINARÍA
PARA SAÍR
DESTA

Juan José López Muñoz

Presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia.

No contexto global actual, a minaría autóctona evoluciona para retomar a posición de sustento da industria transformadora galega aplicando minería rexenerativa: unha minaría cuxo principal impulso é a investigación, tanto mineira como innovadora. Saber o que temos para poder servir tanto ás nosas comunidades como ás futuras xeracións, unha industria que rexenera antigas explotacións aproveitando antigos estériles e subproductos que hai anos eran inproveitables e que hoxe poden aportar incluso minerais críticos para o desenvolvemento sostible.

É rexenerativa co medio ambiente, con restauracións que son referencia en Europa, pero tamén rexenerativa para a sociedade, unha sociedade que precisa medidas urxentes para minimizar os impactos económicos da pandemia e da invasión de Ucraia. Precisamos un plan B.

Non imos pecar de optimistas, os últimos datos da Estadística Mineira de España son un duro golpe para o sector, que se están vendo afogados pola inflación dos materiais, a folga de transportes, as subidas dos prezos da enerxía, e a ralentización na posta en marcha de novas explotacións.

O que si somos é resilientes, como xa demostramos noutras crises. As novas técnicas de investigación, explotación e recuperación son as ferramentas que usarán os preto de 11.000 traballadores do sector para facer que esta industria básica siga no centro do tecido industrial galego.

Agora máis que nunca precisamos unha Administración máis áxil, adaptada a un mundo que cambia dun segundo a outro, por iso iniciativas como a Lei de Simplificación Administrativa, a Axenda para o impulso da minería sostible de Galicia ou o Catálogo de Recursos Naturais Dispoñibles de Galicia, poden marcar a diferenza cara unha minaría máis forte e con máis respaldo social.

Nestes tempos de crise, a Cámara Oficial Mineira de Galicia está volcada máis que nunca en pór en valor a minería galega como revulsivo tractor, situándose no centro do ecosistema mineiro. Acercámonos ao noso 100 aniversario con menos socios e xestionando a metade de fondos que antes da pandemia, mais redoblando esforzos en divulgación, actividades e xeración de ideas. A forza da Cámara Mineira está na colaboración, na unidade e na búsqueda constante de sinerxías.



02

UN SECTOR ESTRATÉGICO



UN SECTOR CLAVE:


OS FÍOS DO TECIDO INDUSTRIAL GALEGO

Dous anos de pandemia e a actual Guerra de Ucraína fixeron palpables para a sociedade os problemas lastrados pola industria europea e galega desde hai décadas: unha excesiva dependencia do exterior con respecto a materias primas estratégicas para a nosa economía e supervivencia.

É o momento de explotar aqueles recursos que temos e de potenciar aqueles que xa explota-

mos. A riqueza do noso chan pertence a todos os galegos e é noso deber aproveitálos de maneira racional para o benestar social.

O sector mineiro mantén o noso tecido industrial grazas á achega de recursos insubstituíbles para os sectores primario, secundario e terciario.



CONSTRUCCIÓN

ARXILA
LOUSA
GRANITO
ÁRIDOS
CALCARIA
CUARCITA



SAÚDE

AUGAS MINERAIS
AUGAS TERMAIS
CAOLÍN



INDUSTRIA

CAOLÍNS
COLTÁN
ESTAÑO
ORO

CUARZO
FELDESPATO
MICA
DUNITA

CALCARIA
WOLFRAMIO
COBRE
LITIO



AGRICULTURA

TURBA
MAGNESITA
CALCARIA



GANADERÍA


MAGNESITA
CUARZO

TURISMO

AUGAS MINERAIS
AUGAS TERMAIS



ANTIGAS EXPLOTACIÓNS



A MINARÍA DOS GALEGOS



A MINARÍA
EMPREGA A
MÁIS DE 11.400
PERSOAS

O SECTOR
EXTRACTIVO
ABASTECEU
Á SOCIEDADE
GALEGA CON 11
MILLÓNS DE
TONELADAS
DE MATERIAIS DE
CONSTRUCCIÓN

A PRODUCCIÓN
EN EUROS FOI
DE 264,4
MILLÓNS
DE EUROS

Planta de transformación de lousa.

LÍDERES DO SECTOR



GALICIA É A 4ª
COMUNIDADE
EN VALOR DE
PRODUCCIÓN E A
3ª EN EMPREGO
MINEIRO


OCUPAMOS O
POSTO Nº 1 EN
EXTRACCIÓN E
TRANSFORMACIÓN
DE GRANITO

SOMOS LÍDERES
NA PRODUCCIÓN
DE LOUSA
PARA USO
ORNAMENTAL,
CO 55% DA
PRODUCCIÓN
ESPAÑOLA


ENCABEZAMOS
O SECTOR DOS
BALNEARIOS
CO 21% DA COTA DE
MERCADO NACIONAL

LÍDERES NA
PRODUCCIÓN DE
CUARZO, O 66% DO
TOTAL NACIONAL


ÁRIDOS (TONELADAS)




CERÁMICA (TONELADAS)



GRANITO (TONELADAS)




LOUSA (TONELADAS)




AS CIFRAS DA MINARÍA




ROCHAS INDUSTRIAIS (TONELADAS)




MINARÍA METÁLICA (TONELADAS)



AUGAS MINERAIS (LITROS)



BALNEARIOS (USUARIOS)



03 A CÁMARA



A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA (COMG) É UNHA CORPORACIÓN DE DEREITO PÚBLICO E UN ÓRGANO CONSULTIVO DA ADMINISTRACIÓN, TUTELADA POLA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN DA XUNTA DE GALICIA; QUE DESENVOLVE AS SÚAS ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES, COLEXIOS PROFESIONAIS, ASOCIACIÓNS SECTORIAIS, CLÚSTERES E EMPRESAS DA COMUNIDADE MINEIRA.

◦ QUE SOMOS

Somos o altofalante do sector mineiro, a entidade que recolle os intereses públicos e privados para conseguir o mellor é máis sostible aproveitamento dos recursos xeolóxicos co obxectivo de maximizar o seu beneficio para a sociedade.

A COMG está formada por todas as persoas físicas ou xurídicas que realizan actividades destinadas á investigación e ao aproveitamento dos recursos xeolóxicos, desde o seu coñecemento ata a súa posta en valor. Esta entidade representa ao sector industrial dos recursos minerais en Galicia no que se inclúen todos os subsectores:

- AUGAS MINERAIS
- ÁRIDOS
- BALNEARIOS
- CERÁMICA
- GRANITO
- LOUSA
- MINARÍA ENERXÉTICA
- MINARÍA METÁLICA
- ROCHAS INDUSTRIAIS

Mina de magnesita en Lugo.

RECOLLIDAS NO REAL DECRETO DE 23/09/1921 E NO ARTIGO 6 DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR. A CÁMARA É A REPRESENTANTE FORMAL E PORTAVOZ DO SECTOR MINEIRO GALEGO.

◦ QUE FACEMOS

Entre as súas actividades máis destacadas atópanse:

- **FOMENTAR O DESENVOLVEMENTO DA INDUSTRIA MINEIRA** e o aproveitamento racional e eficiente dos recursos xeolóxicos.
- **REPRESENTAR, DEFENDER E PROMOVER** os intereses da minaría galega.
- **FOMENTAR A ENSINANZA** da minaría.
- **EXPEDIR CERTIFICACIÓNS E DESIGNAR PERITOS**, resolver conflitos e promover acordos ante problemas relacionados coa minaría.
- **EMITIR INFORMES ÁS AUTORIDADES E PARTICULARES** que o soliciten e propoñer reformas para o desenvolvemento, mellora e fomento da actividade mineira.
- **XESTIONAR O CATASTRO MINEIRO.**
- **PROMOVER A SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL**, a compatibilidade ambiental e a integración territorial paisaxística das actividades mineiras.

Ademais de exercer os seguintes labores:

- **INFORMATIVO:** elaboración e difusión de datos estatísticos, memorias e publicacións divulgativas.
- **FORMATIVO:** organización de cursos, seminarios e xornadas sobre temas de interese para o sector.
- **ASESORAMENTO:** tanto a poderes públicos como a socios ou particulares, sobre os aspectos legais, administrativos e técnicos que afectan ao sector.

O desenvolvemento destas actividades por parte da COMG realízase en colaboración con diversos axentes implicados no sector mineiro galego, especialmente coa Administración mineira de Galicia a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

Explotación de granito.

ÓRGANOS DE GOBERNO

**A ORGANIZACIÓN DA COMG ESTÁ RECOLLIDA NO CAPÍTULO II DO SEU
REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR E OS SEUS ÓRGANOS DE GOBERNO SON:**

ASEMBLEA

Órgano supremo de goberno e representación da COMG. Forman parte del as persoas físicas ou xurídicas que realizan actividades mineiras, incluída a restauración do espazo afectado e o tratamento de residuos mineiros, dentro do territorio de Galicia.

XUNTA DIRECTIVA

Órgano permanente de xestión, administración e proposta da COMG. Os seus membros (non menos de 10 e non máis de 40) son elixidos entre todo o electorado da COMG, clasificado en grupos e categorías, segundo determine a asemblea, de forma que teñan representación todos os intereses mineiros.

Os cargos de presidente, vicepresidente 1º, vicepresidente 2º, tesoureiro e contador son elixidos polos membros da xunta directiva.

A xunta directiva elixiu o 1 de marzo de 2021 os seguintes cargos:

- | | |
|---|---|
| □ PRESIDENTE:
D. JUAN JOSÉ LÓPEZ MUÑOZ,
Strategic Minerals Europe.
(Ata 2022 en representación de
Caolines de Vimianzo S.A.U.) | □ TESOUREIRO-CONTADOR:
D. DIEGO LÓPEZ GONZÁLEZ,
Epifanio Campo, S.L. |
| □ VICEPRESIDENTA 1ª:
Dª. MÓNICA RODRÍGUEZ LÓPEZ,
Porriñesa de Canteiras | □ DIRECTOR-SECRETARIO XERAL:
D. MIGUEL ÁNGEL FORTÚNEZ GAREA |
| □ VICEPRESIDENTE 2º:
D. JOSÉ ANTONIO VALENCIA, Erimsa | □ DPT. ADMINISTRACIÓN:
Dª EVA BARRIENTOS MURIAS |

COMITÉS DA COMG

A COMG conta con grupos de traballo encargados de ámbitos específicos.

COMITÉ NORMATIVO

Ten a encomenda de realizar un seguimento da tramitación de novas normas e da implantación daquelas recentemente aprobadas que poidan ter incidencia no sector mineiro galego.

COMITÉ DE COMUNICACIÓN

O seu obxectivo é mellorar o coñecemento e a imaxe social do sector, así como establecer as directrices de comunicación, tanto externa como interna.

COMITÉ DE PATRIMONIO

Ten como función poñer en valor o patrimonio xeolóxico e mineiro de Galicia a través de iniciativas de divulgación e promoción.

COMITÉ DE SOSTIBILIDADE E INNOVACIÓN

O seu labor é investigar novas técnicas e accións que fagan a actividade mineira máis eficiente e respectuosa coa contorna, co obxectivo de situar ao sector galego á cabeza da vangarda.

MEMBROS DA COMG

Os membros son aqueles socios da Cámara Oficial Mineira de Galicia –persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades mineiras ou relacionadas coa minaría no ámbito territorial galego- que están ao corrente no pago dos recursos económicos da entidade.

- **96 membros na actualidade**
- **7 novas altas de membros (2021 e primeiros meses de 2022):**
 - Esmin Ingeniería S.L.
 - Turberas del Buyo y Gistral S.A.
 - Galicia Tin & Tungsten S.L.
 - Improyen Consulting S.L.
 - Pedra Ingeniería S.L.
 - Norquality Consultores S.L.
 - Esqueiro S.L.



REUNIÓN DO ANO

ASEMBLEA DA COMG

A reunión ordinaria anual da Asemblea tivo lugar o 15 de abril, celebrada de maneira telemática debidos ás condicións sanitarias.

XUNTA DIRECTIVA

Celebradas sete reunións en 2021:

- | | |
|-----------------|------------------|
| □ 28 de xaneiro | □ 15 de xullo |
| □ 1 de marzo | □ 16 de setembro |
| □ 18 de marzo | □ 11 de novembro |
| □ 13 de maio | |

MINARÍA SOSTIBLE DE GALICIA

04



A MINARÍA EN GALICIA SÓ É VIABLE DE XEITO SOSTIBLE, POLO QUE O FIN DA COMG, O FOMENTO DA MINARÍA, SE CONVERTE NECESARIAMENTE NO FOMENTO DA MINARÍA SOSTIBLE.

Minería Sostible de Galicia

A NOVA MINARÍA DESENVOLVIDA NOS ÚLTIMOS ANOS: COMPETITIVA, VANGARDISTA E RESPECTUOSA CO MEDIO PRECISABA DUNHA VOZ PARA SER ACHEGADA Á SOCIEDADE XERAL; ASÍ FOI COMO EN 2019 NACEU MINARÍA SOSTIBLE DE GALICIA POR IMPULSO DA COMG.

EN MINARÍA SOSTIBLE DE GALICIA PARTICIPAN AS SEGUINTE ENTIDADES:

- Clúster do Granito
- Clúster da Pizarra de Galicia
- Asociación Galega de Áridos (Arigal)
- Asociación Galega da Propiedade Balnearia
- Asociación Galega de Empresas de Envasado de Auga Mineral Natural
- IGME (Instituto Geológico y Minero de España)
- Asociación Provincial de Graniteiros de Ourense
- Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (Universidade de Vigo)
- Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal (Universidade da Coruña)
- Ilustre Colexio Oficial de Xeólogos (ICOG)
- Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste
- Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Graos en Minas e Enerxía de Galicia


Durante 2021, segundo ano da pandemia provocada polo Covid-19, a plataforma non deixou de crecer grazas a unha constante actividade dixital e á aposta polos eventos híbridos.

PÁXINA WEB

A principal canle de comunicación de Minería Sostible de Galicia é o sitio web, cunha grande profundidade de contidos para informar sobre as diferentes perspectivas que abrangue o sector mineiro: social, económica, histórica, xeolóxica, etc.

No ano 2022, habilitouse unha nova sección para profesionais onde se recollen unha serie de recursos e ferramentas desenvolvidos pola COMG, de grande utilidade para as empresas e técnicos do sector.

NOVAS FERRAMENTAS PARA PROFESIONAIS



124.000 PERSOAS VISITARON A PÁXINA (MULTIPLICANDO POR 3 AS VISITAS DE 2020)



REDES SOCIAIS



2.748 SEGUIDORES (+52%)
417 PUBLICACIONES (+62%)
370.000 PERSONAS ALCANZADAS (+73%)



1.160 SEGUIDORES (+155%)
132 PUBLICACIONES (+13%)
40.268 PERSONAS ALCANZADAS (+80%)




660 SEGUIDORES (+15%)
416 PUBLICACIONES (+59%)
85.807 PERSONAS ALCANZADAS (+20%)



693 SEGUIDORES (+38%)
428 TWEETS (+46%)
138.000 PERSONAS ALCANZADAS (+279%)

CREACIÓN DE NOVOS CONTIDOS

AS ESTATÍSTICAS DE 2021 AMOSAN UN CRECEMENTO RÉCORD DA COMUNIDADE E DAS IMPRESIÓNS DOS PERFÍS SOCIAIS DA PLATAFORMA.



PARA SEGUIR CHEGANDO A UN NÚMERO MAIOR DE PERSONAS, A FINAIS DE 2021 CREÁRONSE 48 NOVOS POSTS E 23 INFOGRAFÍAS QUE SE PUBLICARÁN DURANTE 2022.

MÁIS DE 300 ASISTENTES
ENTRE OS TRES DÍAS
DO EVENTO (ONLINE E
PRESENCIAIS)

O presidente da COMG atendendo aos medios.

XORNADA

‘MINERAIS ESTRATÉXICOS PARA A INDUSTRIA GALEGA’

A industria e a minaría son dous vectores inseparables desde o punto de vista da sostibilidade cara a cal camiña o tecido produtivo, polo que, cada vez con maior intensidade, temos que vincular todas as actividades mineiras á propia industria.

Por iso, a COMG e Minaría Sostible de Galicia organizaron xunto co iTarg3t e o EIT RawMaterials, coa colaboración da Xunta de Galicia, o evento ‘Minerais estratéxicos para a Industria Galega’; levado a cabo os días 20, 21 e 22 de setembro na Cidade da Cultura.

Estas xornadas foron o cume do proxecto iTarg3t, unha iniciativa da Unión Europea para identificar recursos minerais estratéxicos para Europa e a súa industria.

A través do evento púxose de manifesto a importancia da investigación, a innovación e o desenvolvemento de explotacións mineiras propias para deter a dependencia que sofre Europa con respecto a materias primas críticas e que afectan ao resto de industrias.

Un exemplo claro das consecuencias da falta de minaría propia é o que está a pasar en

sectores estratéxicos para Galicia como o do automóbil, o naval, o sector das TIC ou o metalúrxico. Por iso, o evento contou con voces procedentes de diversos sectores para poñer sobre a mesa perspectivas e solucións.



Asistentes ao evento.



Diego López, Francisco Conde, Juan José López e Miguel Fortúnez.

DÍA 1: MATERIAIS ESTRATÉXICOS E IMPACTO NA INDUSTRIA

Francisco Conde, vicepresidente segundo da Xunta de Galicia, foi o encargado de abrir o evento. Pola súa parte, Juan José López, presidente da COMG, explicou a situación actual de Europa que “pode ver ameazados o seu desenvolvemento e estado de benestar, porque quen controle as cadeas de subministración de materias primas, controlará o desenvolvemento industrial e por tanto, a economía global”. Por iso, puxo en valor o potencial do chan galego: “O plan dos países europeos debe ser investigar: organismos, centros de coñecemento e empresas mineiras temos a obrigaición de estudar novos proxectos e activar vellas minas para a recuperación de materiais estratéxicos con criterios ecosustibles”.



Lorena Jurado, Unión Europea.



Unha das mesas redondas.

Toda a xornada desenvolveuse de maneira híbrida a través de mesas redondas e relatorios nos que participaron:

- **Lorena Jurado**, responsable de Business Development del EIT Raw Materials
- **Javier Rey**, delegado en Galicia do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)
- **María Coutinho**, subdirectora xeral de Recursos Minerais da Xunta de Galicia
- **Pablo Núñez**, director de relacións institucionais de Cobre San Rafael
- **Jorge Cebreiros**, presidente da Confederación de Empresarios de Pontevedra
- **D. Francisco Méndez**, secretario de cambio de modelo produtivo de CCOO Galicia
- **D. Xoán Xosé Bouzas Aboi**, Secretario Nacional de Industria da CIG
- **D. Jesús María Calvo**, secretario de organización de UGT FICA Galicia
- **Cristóbal Sánchez**, secretario xeral de Industria e Minas da Xunta de Andalucía
- **Juan Manuel Vieites**, presidente da Confederación de Empresarios de Galicia
- **Vicente Peinador**, presidente de CONFEDERM
- **Juan Rodríguez**, director do Inega
- **Francisco Silva**, delegado de Iberdrola en Galicia
- **Diego López**, director de materiais de construción de Cerámica Campo
- **Eduardo Rivero**, responsable de vehículo eléctrico do CTAG
- **Juan José Iglesias**, Delegado en Galicia del Colegio Oficial de Ingenieros de Minas del Noroeste de España



DÍA 2: PROXECTOS MINEIROS E EXPLORACIÓN

Enfocado a profesionais do sector mineiro, da xeoloxía e da investigación co obxectivo de mostrar os resultados dos últimos proxectos que se están desenvolvendo en Francia, Alemaña, Polonia e Suecia.

Desde Galicia presentáronse dous proxectos: O proxecto de Santa Comba (Rafaella Resources) e A mina de Penouta (Strategic Minerals) e desde outras zonas de España os proxectos da mina de Barruecopardo (Saloro), o de estaño estratoide en Oropesa e os depósitos de W-Sn-Li-Nb-Ta en Castela e León.

DÍA 3: ASPECTOS CIENTÍFICO TÉCNICOS

A derradeira xornada estivo dedicada á posta en común de novas técnicas de investigación e explotación que permitan coñecer a riqueza do noso chan. A xornada puxo de manifesto que a investigación é o primeiro paso para cubrir as necesidades de materias primas da sociedade de maneira eficiente e sostible para o medio.

Ademais de contar con relatorios de expertos provenientes de Alemaña, Croacia e Portugal; a xornada tamén contou coas intervencións de investigadores españois de IGEO (CSIC- UCM) e de xeólogos que están a levar a cabo iniciativas en Galicia como o proxecto de San Finx (Rafaella Resources).



Repercusión na prensa

05

EXERCICIO 2021



Xacemento en Áridos do Mendo.

REPRESENTACIÓN DO SECTOR

Ademais do estreito contacto coa Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, ao longo de 2021 mantivemos diversas xuntanzas con responsables institucionais, de ámbito autonómico e estatal, e asistimos a numerosos foros, xornadas e eventos.

O noso obxectivo é trasladar as demandas do sector e outorgarlle a visibilidade que require, ao tempo de tender pontes de colaboración para mellorar o desenvolvemento da nosa actividade tanto en beneficio do sector como do conxunto da sociedade e a industria galega.

REUNIÓNS MANTIDAS POLA COMG EN 2021



PARTICIPACIÓN EN REUNIÓN E EVENTOS

ENCONTRO VIRTUAL PARA EVALUAR A LEI DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA DE GALICIA

En xaneiro, o directiva da COMG asistiu a unha reunión telemática con Paula Uría, directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Xunta de Galicia; e onde tamén participaron asociacións, colexios profesionais e membros da universidade do sector mineiro galego.

Expuxéronse os obxectivos fixados para a futura Lei de reactivación económica de Galicia, coa



que se estima que o prazo de tramitación dun proxecto reducirase un terzo do tempo actual, conseguindo así unha administración máis áxil e moderna.



XXI EDICIÓ DO FORO TECNOLÓXICO DE EMPREGO

A COMG participou unha vez máis no Foro Tecnolóxico de Emprego, unha iniciativa creada polas delegacións de alumnos das Escolas Técnicas Superiores de Enxeñaría de Telecomunicación, Industriais e Minas da Universidade de Vigo, co obxectivo de facilitar o acceso ao mundo laboral aos futuros titulados da Universidade.

Trátase dun evento creado polo estudantado para o estudantado, e que nesta ocasión se celebrou de maneira telemática.



BATTERY SUMMIT 2021

En marzo tivo lugar o Battery Summit 2021, un evento centrado na importancia das comunidades industriais e científicas españolas e portuguesas para facer fronte ás oportunidades e desafíos emerxentes cara unha nova xeración de baterías.

O congreso, levado a cabo de forma telemática, xirou en torno a como as baterías promoverán

unha sustentabilidade competitiva a través do seu papel indispensable para alcanzar a neutralidade climática para o ano 2050.

Durante o congreso virtual os 37 poñentes e 365 asistentes, entre os que se atopaban a Cámara Oficial Mineira de Galicia e o Ilustre Colexio Oficial de Xeólogos, puideron interactuar e pór en común propostas e ideas.

REUNIÓN COA DIRECTORA DO GAIN

O presidente da COMG, Juan José López Muñoz e o seu director, Miguel Fortúnez Garea, reuníronse coa directora do GAIN (Axencia Galega de Innovación), Patricia Argerey Vilar.

Neste encontro amosouse a dispoñibilidade da COMG para servir á Axencia Galega de Innovación coma unha ferramenta que poida dar a coñecer o punto de vista do sector mineiro e as súas necesidades.



O que se pretende é que a Axencia Galega de Innovación teña en conta a esta industria para a redacción de novas convocatorias e proxectos.



HOMENAXE A ISIDRO PARGA PONDAL E TITANIA S.A.

A Fundación Pondal (Balarés, Ponteceso) aproveitou a véspera da celebración das Letras Galegas para conmemorar os 30 anos do falecemento de Isidro Parga Pondal, un dos galegos ilustres que combinou a paixón pola xeoloxía cunha gran iniciativa emprendedora para industrializar Galicia a través da minaría.

A esta xornada acudiron nenos e docentes das Aulas Científico-Tecnolóxicas, que asistiron a varias actividades levadas a cabo por **Juan José López Muñoz, presidente da COMG**, e Fran Canosa, xeólogo. O presidente da entidade deu unha charla didáctica sobre economía circular e prácticas sostibles no sector mineiro.



SINATURA DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE TRABALLADORES MINEIROS DE TOURO

A COMG e a Asociación de Traballadores Mineiros de Touro e O Pino alcanzaron un acordo de colaboración para defender a dignidade da industria e do sector mineiro como profesión, especialmente na zona de Touro e O Pino, comarca cunha importante tradición mineira.





ACTO DE ENTREGA DAS CERTIFICACIÓNS UNE 22480 E ISO 14001 DE REFRACTARIOS CAMPO

Refractarios Campo (pertencente a Cerámica Campo) celebrou a finais de ano un acto nas súas instalacións de Vilalonga (Sanxenxo) para divulgar a obtención das certificacións UNE 22480 (Sistema de xestión mineiro-metalúrxica sostible) e ISO 14001 (Sistema de xestión ambiental). Ambas certificacións reforzan o compromiso co medio ambiente do grupo.

Juan José López, presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia, e Miguel Fortúnez, director da entidade, insistiron durante as súas interven-



cións na necesidade de materializar a eficiencia e sustentabilidade do sector mineiro galego nestas certificacións e en transparentar as boas prácticas da industria

ENCONTRO DO COMITÉ CIENTÍFICO DO XEOPARQUE MONTAÑAS DO COUREL

A Cámara Oficial Mineira de Galicia participou na reunión do Comité Científico do Xeoparque Montañas do Courel con motivo da revalidación deste recoñecemento obtido polo territorio en 2019, que pasou a formar parte da exclusiva rede da UNESCO.

Ademais, a COMG foi unha das participantes na Sesión Científica da Sociedade Xeolóxica de España, durante a que se levou a cabo una visita polo xeoparque e onde os asistentes puideron apreciar, en primeira persoa, o seu valor xeolóxico, paleontolóxico e paisaxístico.



A COMG FORMA PARTE DOS SEGUENTES GRUPOS E ENTIDADES:

- A Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo.
- Padroado da Fundación Centro Tecnolóxico do Granito.
- O Consello Galego de Economía e Competitividade da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.
- A Comisión de Apoio Técnico-Científico de Minas de San Finx.
- O Comité Científico e o Comité Económico e Social de Montañas do Courel.
- A Rede Europea de Minas e Canteiras Sostibles.
- A Plataforma Tecnolóxica Española de Tecnoloxías Ambientais (PLANETA).
- A Sociedade Española para a Defensa do Patrimonio Xeolóxico e Mineiro.
- The International Committee for the Conservation of the Industrial Heritage (TICCIH).
- A Plataforma Tecnolóxica Galega de Medio Ambiente (ENVITE).
- A Asociación para o Progreso da Dirección. Comité UNE/CTN22 Gestión Minera Sostenible.
- A COMG é membro do comité de UNE sobre minaría e explosivos, incluído o Subcomité Técnico de Normalización SC3 'Gestión minera sostenible'.
- A Fundación Minería y Vida.
- European Raw Materials Alliance (ERMA)

DEFENSA DO SECTOR



Dentro das funcións da Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG), que están recollidas nos artigos 5 e 6 do seu Regulamento de Réxime Interior, está a de “propoñer reformas lexislativas que contribúan ao fomento da minaría”. Para iso, unha das principais actividades da Xunta Directiva, dos comités de traballo, particularmente do Comité Normativo, e do equipo técnico durante 2021 foi a defensa dos intereses da minaría.

A COMG mantén un contacto continuo e estreito coa Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, que como Administración mineira é o seu órgano tutelar. Así mesmo mantén un seguimento constante das actividades doutras administracións que poden afectar á actividade, como a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; así como coas administracións locais.

MONITORIZACIÓN DA ACTIVIDADE LEXISLATIVA

As administracións públicas xeran ao longo do ano un elevado volume de decretos, regulamentos e leis que afectan á actividade extractiva.

Para realizar un seguimento da actividade dos reguladores, a COMG destina importantes recursos técnicos e humanos. O equipo técnico da COMG destinou durante 2021 máis de 200 horas de traballo a recompilar información dos distintos soportes de comunicación pública, como o Diario Oficial da Unión Europea, o Bo-

letín Oficial do Estado (BOE), o Diario Oficial de Galicia (DOG), así como os Boletíns Provinciais (BOP) das catro provincias.

Tras este meticuloso labor de monitorización da actividade lexislativa, a COMG procede a tomar as medidas necesarias para a defensa dos intereses do sector. Infórmase ao Comité de Normas, para que analice os textos legais e emita recomendacións á xunta directiva.

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL

Tras superar xa os pasos 1º -Documentos Iniciais- e 2º – Esquema Provisional de Temas Importantes en Materia de Xestión das Augas-, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil convocou en xuño unha xornada de presentación para o terceiro ciclo de planificación hidrolóxica 2022-2027. Un encontro no que participou a Cámara Oficial Mineira de Galicia.

O período de consulta pública do Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil finalizou o 22 de decembro. En total, recibíronse 57 propostas, das cales oito parten do sector da minería.

Os comentarios e alegacións realizadas desde a COMG, previo acordo do comité de normas, foron, entre outras:

Débese ter en conta que a Unión Europea está a dar un forte impulso ao acceso ás materias primas minerais.

Denúnciase a visión negativa e contraria á actividade mineira.

O Dominio Público Hidráulico e o Dominio Público Mineiro gozan de idéntica natureza xurídica.

É necesario establecer o sector extractivo na orde de prioridade de usos e aproveitamentos, similar aos usos agropecuarios, é dicir, o sector primario.

Débese ter en consideración, que a actividade mineira ten xerado novas zonas Rede Natura.



PLAN HIDROLÓXICO GALICIA COSTA 2021-2027

Augas de Galicia estivo traballando durante 2021 na elaboración do Proxecto do novo Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa, correspondente ao ciclo 2021-2027. Durante o período de consulta pública, a COMG fixo un traballo de recompilación de aqueles documentos nos que se facía referencia ás actividades mineiras. A través do seu Comité Normativo, a Cámara Oficial Mineira de Galicia fixo as súas alegacións para defender os intereses da industria extractiva tendo en conta os valores ambientais da demarcación.



LEI DE SIMPLICACIÓN ADMINISTRATIVA E APOIO Á REACTIVACIÓN ECONÓMICA DE GALICIA

A directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Paula Uría, mantivo a comezos de 2021 unha reunión en liña con representantes do sector mineiro galego para avaliar as novidades que vai supoñer a Lei de simplificación administrativa de Galicia tendo en conta as alegacións presentadas pola entidade.

Trátase dunha normativa que pretende cambiar a cultura administrativa para favorecer o

emprendemento nun momento en que os diferentes sectores notan as consecuencias económicas da pandemia, mediante accións para evitar duplicidades en procedementos administrativos; axilizar a tramitación de proxectos e investimentos; ofrecer medidas de apoio a iniciativas empresariais e axilizar a tramitación de proxectos europeos. Reducindo as barreiras normativas para permitir unha xestión máis áxil, moderna e eficiente.



AXENDA MINEIRA DE GALICIA

Durante 2021, a COMG traballou man a man coa Consellería de Economía, Empresa e Innovación e a Dirección de Planificación Enerxética e Recursos Naturais para a creación da Axenda Mineira da Xunta de Galicia..

Os representantes da COMG trasladaron en todo momento as necesidades e perspectivas de futuro da industria mineira galega.

A axenda ten por obxecto orientar a actividade mineira cara a un desenvolvemento máis sostible, centrándose na viabilidade industrial, económica e financeira do sector; a responsabilidade social, incluíndo a comunidade e a os seus traballadores; así como a responsabilidade ambiental co coidado da biodiversidade e o aproveitamento sostible dos recursos naturais.

Unha tarefa para a que se contou co apoio dos axentes relevantes na nosa comunidade.

O goberno galego pretende con esta iniciativa desenvolver actuacións de promoción da minaría en Galicia para consolidala como sector estratéxico, ao tempo que identificará medidas que axuden a situar o seu compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), impulsados por Nacións Unidas.



FOLLA DE RUTA PARA A XESTIÓN SOSTIBLE DAS MATERIAS PRIMAS MINERAIS

A Folla de Ruta para a xestión sostible das Materias Primas Minerais ten por obxecto impulsar a autonomía estratéxica grazas á subministración de materias primas minerais autóctonas en España dunha maneira máis sostible, máis eficiente, e maximizando os beneficios ao longo da cadea de valor. E así, dar resposta á ameaza real dunha nova xeopolítica de materias primas co apoio a unha actividade extractiva sostible en España.

A COMG participou xa en 2020 na elaboración dun documento conxunto con PRIMIGEA e

as demais asociacións sectoriais do territorio nacional, unha recompilación de comentarios e alegacións acerca desta folla de ruta do MITECO, coa meta de manifestar a posición do sector. Xa que esta folla debería servir para que as empresas extractivas poidan desenvolver a súa actividade nun contexto que propicie a exploración, a explotación e a posta en valor dos recursos minerais.

Na actualidade esta folla de ruta está en período de consulta para a súa publicación este ano 2022.

CONCURSOS MINEIROS

A COMG manifestou nos seus encontros coa Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais unha proposta de reactivación dos concursos mineiros para darlle unha segunda vida a aquelas zonas tradicionalmente mineiras. Trátase de reactivar os dereitos mineiros caducados para favorecer a valorización dos recursos propios e a reactivación económica de zonas rurais.

PLAN DE LABORES DIXITAL

A COMG manifestou en diversas ocasións a necesidade urxente da dixitalización na administración Mineira.

A Dirección Xeral, sensible e consciente desta necesidade, promoveu a actualización do obsoleto Plan de Labores Dixital no pasado ano 2021, con vistas a integralo dentro dun proxecto máis ambicioso como é o expediente dixital.

A súa elaboración dividiuse en dúas partes: a revisión e actualización do seu contido e posteriormente a creación do aplicativo web por parte de ANTEGA, que será tamén o encargado de mantelo e actualizalo.

No ano 2021, a Dirección Xeral deu os primeiros pasos, encomendando a COMG a revisión e actualización do contido do novo Plan de Labores Dixital. Na elaboración deste documento, déuselle participación as asociacións sectoriais, colexios profesionais, e o Comité de Normas da COMG.





Conxunto esculturónico con granito.

ASISTENCIA TÉCNICA

A Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) cumpre unha función básica no sector da minaría en Galicia achegando información útil e actualizada sobre todos os aspectos legais, administrativos e técnicos que rodean á minaría. A COMG atende consultas formuladas tanto polos seus socios, como pola Administración, empresas mineiras, entidades relacionadas coa minaría, particulares concernidos e medios de comunicación.

CONSULTAS TÉCNICAS ATENDIDAS



DOCUMENTOS EMITIDOS



LANZAMENTO DA NOVA WEB DO CATASTRO MINEIRO DE GALICIA

A finais de ano, a COMG publicou unha nova web con novos contidos ao redor do Catastro Mineiro de Galicia. Na url 'catastromineiro.gal' atópanse novas seccións: entre elas, un área de 'Noticias' onde se informa das actualizacións do visor do catastro; un apartado de 'Axuda e preguntas frecuentes'; e un cadro estatístico onde se recollen a tempo real os dereitos mineiros outorgados, solicitados e caducados.

Tamén se incorporou un sistema de procura máis simple para o visor, a través de seccións, zonas xeográficas ou estado dos dereitos. Outra das principais novidades, é que a través desta nova web, pódese acceder mediante servizos WFS e OGC ás capas de dereitos mineiros.

Tamén se actualizou o visor, con novas funcionalidades centradas principalmente nunhas mellores ferramentas de búsqueda de dereitos.





Implantación en Tejas Vereas.



Implantación en Prebetong Lugo.

APOIO NA IMPLANTACIÓN DAS NORMAS UNE DE XESTIÓN MINEIRA SOSTIBLE

Durante 2021 foron moitas as empresas mineiras galegas que decidiron dar un paso máis aló no compromiso coa sostibilidade e se lanzaron a implantar as normas UNE 22480 e UNE 22470 de Xestión Mineira Sostible, renovadas en 2019.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia impulsa o desenvolvemento destas implantacións a través dun convenio de colaboración coa Xunta de Galicia.

As empresas que centraron os seus esforzos na obtención das certificacións UNE foron:

- ☐ Canteras de Richinol
- ☐ Canteras del Arenal
- ☐ Magnesitas de Rubián
- ☐ Cobre San Rafael
- ☐ Prebetong Lugo
- ☐ Tejas Vereas
- ☐ Epifanio Campo
- ☐ Refractarios Campo
- ☐ Pasek Minerales
- ☐ Explotación de Rocas y Minerales SA



FERRAMENTA DE AUTODIAGNÓSTICO PARA COMPROBAR A VIABILIDADE DA IMPLANTACIÓN DAS NORMAS UNE 22480 E 22470

A COMG lanzou unha ferramenta web de autodiagnóstico de viabilidade para unha posible implantación das normas UNE 22480 e 22470, cuxo resultado pode considerarse como un

primeiro paso para a implantación dun Sistema de Xestión Mineiro-Metalúrxica Sostible (SGMMMS).

Este aplicativo web foi desenvolvido pola Cámara Oficial Mineira de Galicia coa colaboración da Xunta de Galicia. Para o seu desenvolvemento tomouse como base o coñecemento adquirido en implantacións reais en empresas galegas.

Como resultado, os interesados poderán obter un informe en pdf, onde se lle fai un primeiro diagnóstico inicial co prazo estimado do proceso de implantación.



FERRAMENTA DE AUTOAVALIACIÓN DE XESTIÓN DE MINARÍA SOSTIBLE

A Cámara Oficial Mineira de Galicia lanzou unha ferramenta web para que as explotacións e empresas do sector mineiro poidan autoavaliar o seu grao de sostibilidade.

Trátase dunha ferramenta online útil para coñecer en que campos pode mellorar a empresa para ser máis sostible en tres ámbitos: social, económico, medioambiental. Foi desenvolvida tendo en conta os principais estándares a nivel mundial: por unha parte, o IRMA (EEUU), HMS (Canadá) e por outra parte, as normas UNE 22480 e 22470 SXMMMS (España).



Routeiro Golfo Ártabro.

PATRIMONIO

NOVOS ROUTEIROS MINEIROS DISPOÑIBLES NA WEB DE PATRIMONIO XEO-MINEIRO DE GALICIA

A páxina Patrimonio Xeo-Mineiro de Galicia (<https://patrimonio.camaraminera.org/>) fai un percorrido por aqueles routeiros e lugares de interese que teñen que ver co pasado mineiro e coa riqueza xeolóxica das catro provincias galegas.

Unha web didáctica, divulgativa e que serve como guía turística para todo aquel que quera coñecer máis en profundidade o noso patrimonio mineiro tan vencellado á natureza.

Este ano incorporáronse 12 novos routeiros que foran elaborados polo Ilustre Colexio Oficial de Xeólogos que inclúen os seguintes lugares:

- Maceda
- Beariz
- Vilanova
- Cabo Ortegal
- Golfo Ártabro
- Ría de Corme e Laxe
- Xeoparque Montañas do Courel
- Praia das Catedrais
- Cova de Eirós-Triacastela
- Guitiriz
- Vila de Cruces
- Río Miño

SEGURIDADE E SAÚDE

En xullo publicouse no BOE a Orde TED/723/2021, do 1 de xu-
llo, pola que se aprobaba a Instrución Técnica Complementaria
02.0.02 “Protección dos traballadores contra o risco por inha-
lación de po e sílice cristalina respirables” do Regulamento
Xeral de Normas Básicas de Seguridade Mineira, e pola
cal quedan derogadas as seguintes disposicións:

A ITC 04.8.01 “Condicións ambientais, loita
contra o po” en labores subterráneos con-
tida na Orde de 13 setembro de 1985.

A Orde ITC/2585/2007,
do 30 de agosto, pola que
se aproba a Instrución Técnica
Complementaria 02.0.02 “Protec-
ción dos traballadores contra o po en
relación coa silicose nas industrias ex-
tractivas”, do Regulamento Xeral de Nor-
mas Básicas de Seguridade Mineira.

A Orde ITC/933/2011, do 5 de abril, pola que se
aproba a Instrución Técnica Complementaria 02.0.03
“Protección dos traballadores contra o po, nas activi-
dades da minería das sales solubles sódicas e potásicas”
do Regulamento Xeral de Normas Básicas de Seguridade
Mineira.





Cantera en Meis.

FORMACIÓN

A COMG fomenta o ensino da minaría e a cualificación dos profesionais do sector, tanto a través da formación regulada como de accións formativas puntuais. O obxectivo é garantir unha constante actualización dos coñecementos precisos -especialmente no ámbito da prevención- para que os traballadores do sector exerzan os seus labores con seguridade e eficiencia, adaptándose ás técnicas máis modernas que ofrece a Industria 4.0. A COMG mantén unha estreita colaboración coas universidades galegas e, en especial, coa Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía de Vigo.

CICLO DE FORMACIÓN PROFESIONAL EN ESCAVACIÓNS E SONDAXES

Galicia carece de centros de Formación Profesional en industrias extractivas, por iso co obxectivo de ampliar a oferta formativa relacionada co sector, a COMG e Arigal levan anos tratando de implantar o ciclo de Formación Profesional en Escavacións e Sondaxes.

FORMACIÓN UNIVERSITARIA

A COMG participa de forma estreita na vida universitaria galega, en especial con dúas institucións, o Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal, adscrito á Universidade da Coruña, e a Universidade de Vigo, principalmente coa Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

COORDINACIÓN CON ASOCIACIÓNS SECTORIAIS E COLEXIOS PROFESIONAIS

En constante comunicación coas asociacións sectoriais e colexios profesionais, colabórase, promóciase e dáselle difusión a todos aqueles cursos ou xornadas organizadas por estas entidades, para que poidan ser aproveitadas por todos os traballadores do sector.

TALLERES DE MINARÍA SOSTIBLE

A Cámara Oficial Mineira de Galicia organizou a través da plataforma Minaría Sostible de Galicia e coa colaboración da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais un ciclo de webinars destinados a técnicos e empresarios do sector mineiro.



WEBINAR MINARÍA SOSTIBLE. TALLER DE IMPLANTACIÓN DA UNE 22480 1/2

Preto de 50 asistentes puideron coñecer coñecer en outubro as claves da implantación da UNE 22480 de Minaría Sostible a través dun webinar online organizado pola Cámara Oficial Mineira de Galicia e apoiado pola Xunta de Galicia.

Paula Uría, directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, foi a encargada de abrir a xornada online poñendo o foco na necesidade de fomentar a minaría sostible na comunidade galega e nas accións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para promover a aplicación da devandita norma.

Durante a xornada, falou-se dos beneficios da implantación da norma, dos pasos necesarios para levala a cabo e en como resolver as dificultades que se poidan presentar neste proceso.

Para iso interviñeron Pepe Coello, director en Galicia de AENOR, e dous das consultoras que están a axudar á implantación da norma nas empresas galegas: Marta Rodríguez de Norquality e Luisa Álvarez Zaragoza, de Pedra Ingeniería. Ademais, representantes das empresas onde se implantou ou se estaba a implantar a norma contaron a súa experiencia para facer fincapé en que calquera empresa, pequena ou grande, pode obter as certificacións.


WEBINAR MINARÍA SOSTIBLE. OBRADOIRO DE IMPLANTACIÓN DA UNE 22480 2/2

Tratouse dun obradoiro de formación online gratuíto no que se explicaron os beneficios e os pasos da implantación das normas de Xestión de Minaría Sostible UNE 22480:2019 e UNE 22470:2019, e que contou cos testemuños das empresas que se embarcaron este ano na implantación da norma e que finalizaron o proceso.

A xornada comezou coa intervención de Lucía Álvarez, xefa do Servizo de Xestión Mineira, da

subdirección xeral de recursos Minerales da Xunta de Galicia.

Os asistentes puideron saber máis sobre o proceso de certificación da Norma UNE 22480 a través da intervención de Pepa Mallo, representante de AENOR, e mediante unha mesa redonda na que participaron representantes das empresas que xa obtiveron a certificación, como Refractarios Campo; ou que estaban a finalizar o proceso.



WEBINAR 'MINARÍA SOSTIBLE. CASOS DE ÉXITO DE RESTAURACIÓN'

Este obradoiro online contou con experiencias en todos os subsectores da minaría galega (explotacións de granito, áridos, lousa, cerámicos, minerais industriais, minerais metálicos, e balnearios). Abriuse ademais quenda de preguntas para que os asistentes resolvesen todas as súas dúbidas.

Foi María Coutinho, subdirectora xeral de Recursos Minerais da Xunta de Galicia a encargada de abrir o evento online. Os participantes foron representantes de Endesa, Calfensa, Crecente Asociados, Erimsa, Pocasa, TEN, Tejas Vereas, a Universidade de Vigo, Cuarzos industriales e Naturgy.



SERVIZO DE INFORMACIÓN

PARA MEMBROS

16
BOLETÍNS

O Boletín da COMG é unha compilación da información relacionada coa actividade da entidade, a actualidade do sector e das empresas galegas que reciben nos seus correos os membros, socios, directores facultativos e a Administración.

A COMG envía diariamente un resumo das noticias relacionadas co sector publicadas nos medios de Galicia e do Estado.

366
DOSSIERS
DE PRENSA

133
CIRCULARES
INFORMATIVAS

De xeito puntual, emítense circulares dirixidas aos membros e/ou aos socios e directores facultativos sobre a normativa, eventos ou accións que pola súa relevancia deben ser recibidas de xeito urgente.

Son recompilacións semanais de todas as normas publicadas que teñen afección coa minaría a nivel europeo, nacional, galego e provincial.

52
DOSSIERS
NORMATIVOS

COMUNICACIÓN



SANTA BÁRBARA 2020

A Cámara Oficial Mineira de Galicia entregou o 3 de decembro en Santiago de Compostela os premios Santa Bárbara, nunha xornada que reuniu á comunidade mineira galega con motivo da celebración da festividade da súa patroa tras un ano de parón pola pandemia.

Cerca dun centenar de asistentes participaron na décimo cuarta edición dos premios, entre eles, representantes da Administración autonómica, de organismos oficiais e de empresas mineiras. Todo nun momento clave para o sector, onde o impulso da minaría galega pode supoñer a solución ante crise de materias primas que está sufrindo a industria.

O vicepresidente segundo da Xunta de Galicia, Francisco Conde, participou no encontro e destacou que a minaría galega “está en condicións de liderar a aposta pola sustentabilidade e a innovación no sector”. E nese sentido, agradeceu, tanto aos premiados como á Cámara Oficial Mineira de Galicia, que contribúan a reivindicar a potencialidade e a responsabilidade desta industria na comunidade.



Juan de Dios Martín, o gran homenaxeado.

OS PREMIADOS


O premio Traxectoria recaeu sobre Juan de Dios Martín Aparicio, que dedicou toda unha vida ao sector mineiro, culminada por case 7 anos de presidencia da COMG, onde conseguiu potenciar a presenza da entidade nas institucións, incrementar o seu prestixio, e potenciar a súa imaxe e repercusión dentro e fóra do sector.

Juan de Dios Martín foi o gran homenaxeado da xornada, debido á repercusión da súa figura para o sector e a COMG.

O premio Comunicación foi outorgado ao Ilustre Colexio Oficial de Xeólogos, e recibido por Manuel Regueiro e Pablo Núñez, polo seu intenso labor de comunicación e a realización de numerosas publicacións relacionadas co sector.

O premio Minaría Sostible recaeu sobre o Instituto de Estudos de Territorio pola creación e difusión da Guía de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractivas; e foi recollido polo seu director, Enrique Luis Salvador.





PÁXINA WEB

O sitio web da COMG é unha ferramenta que serve como canle de comunicación para manter informados aos profesionais do sector extractivo, así como ventá para expoñer á sociedade as diferentes accións da entidade.

Ademais das diferentes seccións que se actualizan tendo en conta o calendario da Cámara, no blog do sitio web xéranse constantemente contidos de interese para os membros en galego e en castelán.

114
POSTS
PUBLICADOS

25.100
PERSOAS
VISITARON
A WEB

112
VISITAS
DIARIAS

MANTEMENTO DAS REDES SOCIAIS

Os perfís de LinkedIn, Twitter e Facebook da Cámara son lugares de interacción coa comunidade mineira e con todas aquelas persoas relacionadas de forma indirecta co sector.

Durante 2021, estas redes sociais incrementaron o seu número de seguidores e o seu impacto:



824 SEGUIDORES

45.560 PERSOAS VIRON ALGUNHA PUBLICACIÓN




190 SEGUIDORES

17.480 PERSOAS VIRON ALGUNHA PUBLICACIÓN



226 SEGUIDORES

11.600 PERSOAS VIRON ALGUNHA PUBLICACIÓN







Cámara Oficial
Mineira de Galicia